

**IV PLAN
IGUALDADE DE
OPORTUNIDADES ENTRE
MULLERES E HOMES**

ENTRE MULLERES E HOMES

2018-2022

CONCELLO DE BOQUEIXÓN



Organismo responsable: CONCELLO DE BOQUEIXÓN

Coordinación: Persoal técnico do servizo de información e asesoramento á muller.

Redacción Informe: GRUPO ARESTORA.

LIMIAR

INTRODUCCIÓN	3
1. MARCO NORMATIVO DE REFERENCIA	4
2. PRINCIPIOS E OBXECTIVOS XERAIS:	7
3. DIAGNOSE DENDE A PERSPECTIVA DE XÉNERO.	9
3.1. ANÁLISE DE DATOS POBOACIONAIS	9
3.2. ANÁLISE DE DATOS SOCIOLABORAIS	11
3.3. ANÁLISE DE DATOS EDUCATIVO	12
4. IV PLAN DE IGUALDADE DE OPORTUNIDADES MUNICIPAL. 2018-2022	15
I. ÁREAS DE INTERVENCIÓN	15
ii. SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN	34
iii. VIXENCIA	34
IV. RECURSOS ECONÓMICOS DISPOSTOS	34
ANEXO I: MODELO DE FICHA DE SEGUIMIENTO DA EXECUCIÓN DE MEDIDAS.	35

INTRODUCCIÓN

O Concello de Boqueixon estableceu o seu **IIII Plan de Igualdade de Oportunidades entre Homes e Mulleres para o período 2013-2017**, como unha ferramenta técnica de traballo artellada arredor de dous eixos fundamentais de traballo:

- I- A posta en marcha de accións positivas que contribúan a erradicar a discriminación e as desigualdades sociais que aínda sofren as mulleres do Concello.
- II- O desenvolvemento dunha política transversal de igualdade en todas as áreas sociais do concello e en todos os procesos da xestión Municipal.

Para elo, o III PIOM estableceu un total de oito ámbitos de actuación:

1. Cooperación e colaboración institucional.
2. Información, comunicación e sensibilización Institucional e á Cidadanía.
3. Formación e Emprego
4. Educación
5. Saúde
6. Cultura, Deporte e Lecer
7. Conciliación da Vida Familiar, Persoal, Profesional e Corresponsabilidade.
8. Violencia contra as mulleres.

Contemplándose para cada un destes ámbitos, as liñas de actuación e accións concretas de desenvolvemento, identificando en todas elas a poboación específica de referencia.

Conscientes da necesidade de seguir traballando para que o principio de igualdade e o dereito a vivir sen violencia, se integren como un valores fundamentais da nosa sociedade, o **equipo técnico do CIM inicia os traballos de avaliación do III PIOM, e establece como obxectivo de traballo, a concreción do IV PIOM 2018-2022 no Concello de Boqueixón.**

1. MARCO NORMATIVO DE REFERENCIA

As políticas públicas de igualdade tenden a desenvolverse a través do denominado “dobre enfoque”, aplicando de xeito simultáneo o mainstreaming (enfoque de xénero de xeito transversal) coas medidas específicas de xénero desenvolvidas por organismos tamén específicos. Trátase por tanto, de dúas estratexias de carácter complementario que perseguen un mesmo obxectivo: a igualdade de xénero.

A igualdade, entendida como un dereito, e cuxa garantía se regula nos **diversos marcos normativos** de referencia, ten como **obxectivo último a corrección das desigualdades derivadas do sexos/xénero, e regular os métodos e ferramentas para a implementación do principio de igualdade.**

Así, temos como referencia no **marco internacional:**

- Declaración Universal dos Dereitos Humanos.
- Convención para a Eliminación de todas as formas de discriminación contra a muller 1979 (CEDAW)
- IV Conferencia Mundial sobre as Mulleres de Beijing (1995)
- Resolución da Comisión dos Dereitos Humanos (1997)

Marco Europeo:

- Tratado de Amsterdam (1997)
- Programas de acción comunitaria para a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.
- Recomendación do Comité de Ministros sobre a protección das mulleres contra a violencia.
- Directiva 2002/73/CE do Parlamento Europeo e do Consello, relativa á igualdade de Trato entre mulleres e homes nas condicións de traballo.
- Compromiso estratéxico para a igualdade de xénero 2016-2019 Unión Europea (Comisión Europea)

Marco Estatal:

Ao abeiro permanente da Constitución Española de 1978 – que no seu artigo 14 determina que os españois e as españolas son iguais ante a lei, sen que poda prevalecer discriminación algunha por razón de nacemento, raza, sexo, relixión, opinión ou calquera

outra condición ou circunstancia persoal ou social– **o marco normativo complétase con:**

- Lei 39/1999, de 5 de novembro, para promover a conciliación da vida familiar e laboral das persoas traballadoras.
- A Lei 27/2003, de 31 de xullo, reguladora da Orde de protección das vítimas da violencia doméstica.
- Lei 30/2003, de 13 de outubro, sobre medidas para incorporar a valoración do impacto de xénero nas disposicións normativas que elabore o Goberno.
- A Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero.
- Real Decreto 355/2004 polo que se crea o rexistro central para a protección das vítimas da violencia doméstica.
- A Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para igualdade efectiva de mulleres e homes.
- Estratexia nacional para a erradicación da violencia contra a muller (2013-2016).

Marco Autonómico:

- A Lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes.
- A Lei 2/2007, do 28 de marzo, galega do traballo en igualdade das mulleres de Galicia.
- A Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.
- Plan de atención integral á saúde da muller de Galiza.
- Plan de fomento da Corresponsabilidade.

- VII Plan Estratégico de Galicia para a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes 2017-2020.

O presente PIOM regúlase ademais, tendo en conta o disposto na Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, na que se establece que o Concello, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover toda clase de actividades e prestar cantos servizos públicos contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal (Art.25.1), e se recoñece como competencia do municipio a prestación dos servizos sociais e dos servizos de promoción e reinserción social (Art. 25. 2, apartado k).

2. PRINCIPIOS E OBXECTIVOS XERAIS:

O Plan de Igualdade de oportunidades artellarase en torno aos seguintes **principios básicos de intervención:**

- **Transversalidade:** Incorporación da dimensión de igualdade e a perspectiva de xénero no conxunto de políticas e actuacións municipais.
- **Sensibilización:** Impulso de medidas para que homes e mulleres tomen conciencia das situacións de desigualdade.
- **Información:** como condición fundamental para a toma de conciencia e a consecución da igualdade.
- **Formación:** Proceso continuo e permanente en tódolos ámbitos.
- **Participación:** As mulleres deben ter canles de participación nos diversos ámbitos da sociedade coa conseguinte toma de decisións nunha situación de igualdade.
- **Integración:** Impulso de liñas de acción común desde as diferentes áreas municipais mediante a incorporación de todos aqueles servizos, programas e iniciativas dirixidos especificamente ás mulleres, á superación da discriminación por razón de sexo e á igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.
- **Realidade:** As diversas intervencións contempladas no Plan estarán adaptadas á realidade do municipio, segundo os recursos de que dispoña.

O fin último da elaboración e implantación deste Plan de Igualdade de Oportunidades Municipal, é introducir nas actuacións e xestións do Concello o principio de igualdade de oportunidades e non discriminación entre mulleres e homes, recoñecido como dereito fundamental na Constitución e na normativa de desenvolvemento estatal e autonómica.


Neste marco, establécense como **OBXECTIVOS XERAIS DO GOBERNO MUNICIPAL:**

1. Impulsar políticas públicas transversais e de acción positiva, que contribúan a crear condicións e estruturas sociais que permitan que a igualdade entre mulleres e homes sexa real e efectiva no ámbito territorial do Concello de referencia.
2. Impulsar a inclusión do principio de igualdade entre mulleres e homes de xeito transversal, nas actuacións desenvolvidas no exercicio das súas competencias polas distintas Concellarías e, sinaladamente, nos Departamentos ou organismos específicos con competencias en materia de igualdade dependentes do Concello de referencia.
3. Ofrecer ferramentas técnicas para a inclusión do enfoque de xénero no deseño e a xestión das políticas públicas municipais .
4. Implicar ás distintas Concellerías na posta en marcha das medidas concretas contempladas no Plan de Igualdade, considerando as súas áreas de competencia.
5. Servir de referente a outros Concellos, entidades e/ou empresas, en materia de igualdade de oportunidades, establecendo medidas que apoiem, impulsen e orienten o desenvolvemento efectivo das súas propias competencias en materia de igualdade.
6. Establecer mecanismos de prevención e tratamento específicos para os casos de violencia de xénero e asistencia a mulleres en risco de exclusión social.

3. DIAGNOSE DENDE A PERSPECTIVA DE XÉNERO.

3.1. ANÁLISE DE DATOS POBOACIONAIS.

O CONCELLO DE BOQUEIXÓN conta cunha **extensión** de **72,90km²** repartíndose a poboación entre as **catorce Parroquias** que o conforman.



Segundo os **últimos datos publicados polo IGE (2016)**, a **poboación do Concello** ascende a **4.291 persoas** (segundo o último dato procedente da Axencia Tributaria) das cales, o **50,75 % son mulleres**, o que representa un equilibrio da súa poboación desagregada por sexo.

Con todo, a **media de idade** é de **46,89 anos**, sendo dous puntos maior no **caso das mulleres (48,41 anos)**, reflectindo os datos un maior envellecemento feminino.

Poboación (Padrón)	Total	Homes	Mulleres	Período	Fonte
POBOACIÓN TOTAL	4.291	2.113	2.178	2016	INE
de 0 a 15 anos	516	253	263	2016	INE
de 16 a 64 anos	2.742	1.407	1.335	2016	INE
de 65 e máis anos	1.033	453	580	2016	INE
POBOACIÓN ESTRANXEIRA	53	25	28	2016	INE
Idade media	46,89	45,32	48,41	2016	IGE

BOQUEIXÓN – POBOACIÓN POR SEXO E IDADE

Ano 2016			
IDADE	Homes	Mulleres	Total
0-5	78	81	159
5-10	81	97	178
10-15	79	69	148
15-20	78	68	146
20-25	123	92	215
25-30	121	115	236
30-35	150	147	297
35-40	143	158	301
40-45	185	156	341
45-50	144	175	319
50-55	186	143	329
55-60	152	151	303
60-65	140	146	286
65-70	113	131	244
70-75	118	106	224
75-80	74	109	183
80-85	90	119	209
85-	58	115	173
Total	2.113	2.178	4.291

Fonte: <https://www.boqueixon.com/estadisticas/>

O Concello presenta un **saldo vexetativo de -29 persoas** (diferenza entre nacementos e defuncións rexistradas no período 2016), o que indica un envellecemento progresivo da súa poboación.

MOVIMENTO NATURAL DA POBOACIÓN	Total	Homes	Mulleres	Período	Fonte
Nacementos	38	23	15	2016	IGE-INE
Defuncións	67	39	28	2016	IGE-INE
Matrimonios	10			2016	IGE-INE
Saldo vexetativo	-29			2016	IGE-INE

En canto aos **indicadores demográficos de referencia**, destacar o seu **índice de envellecemento** (166,7), a **idade medida da maternidade** (31,78 anos), sendo a **media do número de fillos do 1,11**.

INDICADORES DEMOGRÁFICOS	Dato	Período	Fonte
Taxa bruta de natalidade (o/oo)	7,16	2015	IGE
Taxa bruta de mortalidade (o/oo)	13,21	2015	IGE
Índice de envellecemento	166,7	2016	IGE
Idade media á maternidade	31,78	2015	IGE
Número medio de fillos por muller	1,11	2015	IGE
Taxa bruta de nupcialidade (o/oo)	3,13	2015	IGE

O número de emigracións segue sendo superior ao das inmigracións rexistradas:

MOVEMENTOS MIGRATORIOS	Emigracións	Inmigracións	Período	Fonte
Á mesma provincia	130	94	2016	INE
A outra provincia	7	21	2016	INE
A outra comunidade	18	12	2016	INE
Estranxeiro	3	22	2016	INE

3.2. ANÁLISE DE DATOS SOCIOLABORAIS.

O concello rexistra un total de **1.734 afiliacións á seguridade social**, equilibradas dende a perspectiva de xénero, **representando o 46,77% as afiliacións femininas**.

AFILIACIÓNS EN ALTA LABORAL	Total	Homes	Mulleres	Período	Fonte
	1.734	923	811	2017/Xuño	SS

Por sectores de produción, destaca a ocupación no sector **servizos**.

Afiliacións en alta laboral por sectores	Dato	Período	Fonte
Agricultura e pesca	180	2017/Xuño	SS
Industria	286	2017/Xuño	SS
Construción	154	2017/Xuño	SS
Servizos	1.113	2017/Xuño	SS

En canto á **actividade empresarial** o Concello cun total de **441 empresas**, destacando por número as dedicadas a servizos e agricultura.

EMPRESAS				Dato	Período	Fonte
Empresas por condición xurídica				441	2015	IGE
Persoas físicas				320	2015	IGE
Sociedades anónimas				1	2015	IGE
Sociedades de responsabilidade limitada				72	2015	IGE
Cooperativas				5	2015	IGE
Outras				43	2015	IGE
Empresas por actividade	Agricultura e pesca	Industria	Construción	Servizos	Período	Fonte
	132	39	58	212	2015	IGE
Empresas por estrato de asalariados				Dato	Período	Fonte
De 0 a 2 asalariados				401	2015	IGE
De 3 a 5 asalariados				26	2015	IGE
De 6 a 9 asalariados				4	2015	IGE
De 10 a 19 asalariados				6	2015	IGE
De 20 a 49 asalariados				3	2015	IGE
De 50 a 99 asalariados					2015	IGE
De 100 a 249 asalariados				1	2015	IGE
De 250 ou máis asalariados					2015	IGE


3.3. ANÁLISE DE DATOS EDUCATIVO.

O concello conta cun total de **356 alumnos/as matriculados en centros públicos**.
Contando cun profesorado de 33 persoas.


CENTRO EDUCATIVO	HOMES	MULLERES	TOTAL
CRA	45	64	109
CPI	117	130	247
TOTAL ALUMNADO CENTROS PÚBLICOS	162	194	356
% ALUMNADO POR SEXO	45,51%	54,49%	

CENTRO EDUCATIVO	HOMES	MULLERES	TOTAL
PROFESORADO	6	27	33


Distribución do alumnado CRA DE BOQUEIXÓN- VEDRA NEIRA VILAS.




Distribución do alumnado CPI PLURILINGÜE ANTONIO ORZA COUTO



ALUMNADO ED. PRIMARIA



ALUMNADO ED. SECUNDARIA



4. IV PLAN DE IGUALDADE DE OPORTUNIDADES MUNICIPAL. 2018-2022

Para a determinación das áreas, obxectivos e medidas específicas dispostas no IV PIOM do Concello de Boqueixón, tivéronse en conta as seguintes cuestións:

Diagnose da realidade do Concello dende unha perspectiva de xénero.

A **programación de accións concretas tendo en conta os recursos dos Concello** (tanto humanos como materiais), establecendo indicadores de referencia en cada unha delas, que permitan realizar un seguimento real das intervencións e o seu impacto.

A **vixencia do Plan de Igualdade**, considerando o tempo de catro anos, de cara ao desenvolvemento de actividades de maior calado.

1. ÁREAS DE INTERVENCIÓN

Tendo en conta a realidade do Concello, a normativa de referencia e os recursos materiais e humanos dispoñibles, así como os traballos de análise e recollida de datos durante a fase de diagnóstico, decídese manter e establecer **como áreas de intervención, as seguintes:**

1. Cooperación e colaboración institucional.
2. Información, comunicación e sensibilización Institucional e á Cidadanía.
3. Formación e Emprego
4. Educación
5. Saúde
6. Cultura, Deporte e Lecer
7. Conciliación da Vida Familiar, Persoal, Profesional e Corresponsabilidade.
8. Violencia contra as mulleres.

ÁREA 1: Cooperación e colaboración institucional.

OBXECTIVO XERAL: Fomentar a coordinación interinstitucional, co obxecto de difundir e intercambiar boas prácticas respecto da introdución do enfoque de xénero nos diferentes ámbitos de goberno e programas desenvolvidos en colaboración con entidades locais.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS:

- Promover mecanismos de coordinación interdepartamental para impulsar a incorporación do enfoque de xénero nos programas e actividades municipais.
- Establecer canais de comunicación e espazos de participación activa con entidades locais.

MEDIDAS DE INTERVENCIÓN:

1.1. Creación dunha Comisión de Igualdade Municipal

Axentes implicados:

CIM do Concello de Boqueixon
Portavoces dos distintos Grupos de Goberno Municipal
Concellaría de Servizos Sociais
Concellaría de Educación
Concellaría de Emprego
Entidades locais con interese en materia de Igualdade

Persoal responsable da coordinación, implantación e seguimento:

Persoal Técnico do CIM

Indicadores de seguimento:

- Regulamento de constitución da Comisión de Igualdade.
- Actas das reunións e acordos establecidos en materia de igualdade

Destinatarios/as:

Persoal técnico do Concello de Boqueixon
Concelleiros/as con competencias en materia de educación e intervención sociolaboral
Equipo de Goberno

1.2. Espazo propio de contacto coa Comisión de Igualdade na páxina Web

Axentes implicados:

CIM do Concello de Boqueixon

Persoal encargado da xestión da Páxina Web

Persoal responsable da coordinación, implantación e seguimento:

Persoal Técnico do CIM

Indicadores de seguimento:

- Publicacións dos acordos e medidas adoptadas no seo da Comisión de Igualdade
- Correo electrónico de contacto
- Establecemento das competencias da Comisión- Difusión
- Análise estatística dos contactos rexistrados (nº, tipo de consulta ou achega, etc.)
- Informa anual da actividade da Comisión (encontros con entidades locais, programas vencellados ao IV PIOM, etc.)

Destinatarios/as:

Entidades locais

Poboación en xeral

Comisión de Igualdade. Equipo de traballo.

ÁREA 2: Información, comunicación e sensibilización Institucional e á Cidadanía.

OBXECTIVO XERAL: Incorporar a perspectiva de xénero como parte da cultura, organización e comunicación do Concello de Boqueixón.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS:

- Sensibilizar e capacitar ao persoal político e técnico do Concello dende a perspectiva de xénero, con especial incidencia no uso e emprego dunha linguaxe neutra, e unha comunicación libre de estereotipos en función do sexo.
- Incorporar a perspectiva de xénero na recollida, elaboración e difusión da información.
- Transmitir e difundir boas prácticas e valores sobre a igualdade para homes e mulleres.

MEDIDAS DE INTERVENCIÓN:

2.1. Establecer unha acción formativa en materia de igualdade, dirixida ao persoal técnico e político do Concello.

Axentes implicados:

CIM do Concello de Boqueixon

Persoal responsable da coordinación, implantación e seguimento:

Persoal Técnico do CIM

Indicadores de seguimento:

- Material didáctico.
- Xustificación documental da xornada formativa (contido, duración, nº de asistentes desagregado por sexo, etc.)

Destinatarios/as:

Persoal técnico e político do Concello de Boqueixon

2.2. Difusión do IV PIOM na páxina Web do Concello.

Axentes implicados:

CIM do Concello de Boqueixon

Persoal encargado da xestión da Páxina Web

Persoal responsable da coordinación, implantación e seguimento:

Persoal Técnico do CIM

Indicadores de seguimento:

- Publicación do IV PIOM

Destinatarios/as:

Entidades locais

Poboación en xeral

2.3. Desenvolvemento de campañas municipais en materia de igualdade e non discriminación.

Axentes implicados:

CIM do Concello de Boqueixon

Concellerías implicadas

Persoal encargado da xestión da Páxina Web

Persoal responsable da coordinación, implantación e seguimento:

Persoal Técnico do CIM

Indicadores de seguimento:

- Memoria Técnica das campañas desenvolvidas
- Publicacións a través da Páxina Web

Destinatarios/as:

Entidades locais

Poboación en xeral

2.4. Revisión dos contidos publicados dende a perspectiva de xénero.

Axentes implicados:

Comisión de Igualdade

Persoal encargado da xestión da Páxina Web

Persoal responsable da coordinación, implantación e seguimento:

Persoal Técnico do CIM

Indicadores de seguimento:

- Modificacións realizadas en cartalería, publicacións na Web, etc.

Destinatarios/as:

Poboación en xeral

2.5. Establecemento de ferramentas internas para a recollida e tratamento de datos estatísticos desagregados por sexo

Axentes implicados:

Comisión de Igualdade

Concellerías implicadas

Persoal encargado da xestión da Páxina Web

Persoal responsable da coordinación, implantación e seguimento:

Persoal Técnico do CIM

Indicadores de seguimento:

- Publicación de estatísticas
- Informes de xestión internos

Destinatarios/as:

Persoal técnico e político do Concello

ÁREA 3: Formación e Emprego

OBXECTIVO XERAL: Impulsar programas de emprendemento, formación e mellora da empregabilidade dende unha perspectiva de xénero.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS:

- Formar para o emprego e o desenvolvemento de competencias clave aos distintos colectivos de interese (mulleres, parados/as de longa duración, menores, ect.)
- Orientar na diversificación profesional lonxe de estereotipos de xénero.
- Fomentar e dar continuidade aos programas de emprego con colaboración empresarial, así como ás iniciativas de emprendemento local.

MEDIDAS DE INTERVENCIÓN:

3.1. Establecer e dar continuidade a programas específicos en materia de formación e desenvolvemento de competencias clave.

Axentes implicados:

CIM do Concello de Boqueixon
Concellerías implicadas

Persoal responsable da coordinación, implantación e seguimento:

Concellerías implicadas (Coordinación e implantación)
Comisión de Igualdade (seguimento)

Indicadores de seguimento:

- Xustificación documental dos programas desenvolvidos (contido, duración, nº de asistentes desagregado por sexo, etc.)
- Publicacións realizadas na páxina web para a súa difusión

Destinatarios/as:

Poboación local

3.2. Fomentar e dar continuidade a Obradoiros de Emprego.

Axentes implicados:

CIM do Concello de Boqueixon

Concellerías implicadas

Persoal responsable da coordinación, implantación e seguimento:

Concellerías implicadas (Coordinación e implantación)

Comisión de Igualdade (seguimento)

Indicadores de seguimento:

- Xustificación documental dos obradoiros desenvolvidos (contido, duración, nº de asistentes desagregado por sexo, etc.)
- Publicacións realizadas na páxina web para a súa difusión

Destinatarios/as:

Poboación en xeral

3.3. Desenvolvemento de xornadas técnicas en materia de emprendemento e fomento do asociacionismo.

Axentes implicados:

CIM do Concello de Boqueixon

Concellerías implicadas

Persoal encargado da xestión da Páxina Web

Persoal responsable da coordinación, implantación e seguimento:

Concellerías implicadas (Coordinación e implantación)

Comisión de Igualdade (seguimento)

Indicadores de seguimento:

- Memoria Técnica das xornadas desenvolvidas
- Publicacións a través da Páxina Web

Destinatarios/as:

Entidades locais

Poboación en xeral

ÁREA 4: Educación

OBXECTIVO XERAL: Impulsar a educación en igualdade e o fomento de accións formativas para o empoderamento e a capacitación dos colectivos de mulleres en risco de exclusión social.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS:

- Desenvolver actividades nos diversos ámbitos educativos que contribúan á consideración igualitaria da muller e introdución dun enfoque de xénero e perspectiva coeducativa nos procesos de orientación educativa e/ou profesional.
- Visibilizar as achegas das mulleres ao mundo da cultura, a ciencia e o deporte.
- Fomentar accións formativas destinadas ao empoderamento e mellora da capacitación dos colectivos de mulleres en risco de exclusión social.

MEDIDAS DE INTERVENCIÓN:

4.1. Establecer e dar continuidade a programas educativos que se veñen desenvolvendo nos centros de ensino público.

Axentes implicados:

CIM do Concello de Boqueixon
Concellerías implicadas

Persoal responsable da coordinación, implantación e seguimento:

Persoal Técnico do CIM

Indicadores de seguimento:

- Xustificación documental dos programas desenvolvidos (contido, duración, nº de asistentes desagregado por sexo, etc.)
- Publicacións realizadas na páxina web para a súa difusión

Destinatarios/as:

Menores
Familias

4.2. Fomentar e dar continuidade a xornadas formativas dirixidas a colectivos en risco de exclusión social.

Axentes implicados:

CIM do Concello de Boqueixon

Concellerías implicadas

Persoal responsable da coordinación, implantación e seguimento:

Persoal técnico do CIM

Indicadores de seguimento:

- Xustificación documental das xornadas desenvolvidas (contido, duración, nº de asistentes desagregado por sexo, etc.)
- Publicacións realizadas na páxina web para a súa difusión

Destinatarios/as:

Colectivos en risco de exclusión social, con especial atención ás mulleres.

4.3. Dotación de material bibliográfico de igualdade na biblioteca municipal e nas bibliotecas escolares.

Axentes implicados:

CIM do Concello de Boqueixon

Concellerías implicadas

Persoal encargado da xestión da Páxina Web

Persoal responsable da coordinación, implantación e seguimento:

Persoal Técnico do Concello

Indicadores de seguimento:

- Informe dos recursos bibliográficos aportados

Destinatarios/as:

Poboación en xeral

ÁREA 5: Saúde

OBXECTIVO XERAL: Promover a saúde integral e o benestar da poboación dende unha perspectiva de xénero.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS:

- Fomentar a educación para a saúde individual e grupal en relación coas distintas etapas da vida e con enfoque de xénero.
- Elaborar programas de información, educación e atención afectivo-sexual dende unha perspectiva de xénero, dirixidos aos diferentes grupos de idade.
- Realizar campañas de cuidados preventivos dirixidos aos distintos colectivos (maiores, menores, mozos, etc.)
- Impulsar programas de atención á dependencia e discapacidade.
- Atención especial á saúde laboral das mulleres.

MEDIDAS DE INTERVENCIÓN:

5.1. Establecer e dar continuidade as programas educativos vencellados ao coidado da saúde.

Axentes implicados:

CIM do Concello de Boqueixon

Concellerías implicadas

Persoal responsable da coordinación, implantación e seguimento:

Persoal Técnico do CIM

Indicadores de seguimento:

- Xustificación documental dos programas desenvolvidos (contido, duración, nº de asistentes desagregado por sexo, etc.)
- Publicacións realizadas na páxina web para a súa difusión

Destinatarios/as:

Menores e mocidade

5.2. Fomentar e dar continuidade a programas de intervención en materia de dependencia e discapacidade.

Axentes implicados:

CIM do Concello de Boqueixon

Concellerías implicadas

Persoal responsable da coordinación, implantación e seguimento:

Persoal técnico do CIM

Indicadores de seguimento:

- Xustificación documental dos programas desenvolvidos (contido, duración, nº de asistentes desagregado por sexo, etc.)
- Publicacións realizadas na páxina web para a súa difusión

Destinatarios/as:

Poboación en xeral. Colectivos identificados.

5.3. Fomentar e dar continuidade a xornadas técnicas dirixidas ao coidado e prevención da saúde.

Axentes implicados:

CIM do Concello de Boqueixon

Concellerías implicadas

Persoal responsable da coordinación, implantación e seguimento:

Persoal técnico do CIM

Indicadores de seguimento:

- Xustificación documental das xornadas desenvolvidas (contido, duración, nº de asistentes desagregado por sexo, etc.)
- Publicacións realizadas na páxina web para a súa difusión

Destinatarios/as:

Poboación en xeral. Colectivos identificados.

5.4. Impulsar actuacións de información, prevención e tratamento de adicións a través dos servizos municipais.

Axentes implicados:

CIM do Concello de Boqueixon

Concellerías implicadas

Persoal responsable da coordinación, implantación e seguimento:

Persoal Técnico do Concello

Indicadores de seguimento:

- Informe dos programas desenvolvidos.

Destinatarios/as:

Poboación en xeral

ÁREA 6: Cultura, Deporte e Lecer

OBXECTIVO XERAL: Introducir o enfoque de xénero no ámbito cultural, deportivo e de lecer do Concello de Boqueixón.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS:

- Incluir na programación dos servizos culturais e deportivos, actividades dirixidas a mulleres, atendendo ás súas necesidades reais e á diversidade dos seus intereses.
- Establecer redes de contacto informais co fin de aproveitar esta participación para informar e sensibilizar en materia de igualdade.
- Desenvolver accións positivas nos procedementos de admisión e subvención de actividades.

MEDIDAS DE INTERVENCIÓN:

6.1. Establecer e dar continuidade as programas culturais e deportivos nos que se incorpora a perspectiva de xénero.

Axentes implicados:

CIM do Concello de Boqueixon

Concellerías implicadas

Persoal responsable da coordinación, implantación e seguimento:

Persoal Técnico do CIM

Indicadores de seguimento:

- Xustificación documental dos programas desenvolvidos (contido, duración, nº de asistentes desagregado por sexo, etc.)
- Publicacións realizadas na páxina web para a súa difusión

Destinatarios/as:

Poboación en xeral

6.2. Facilitar a participación de familias monoparentais con escasos recursos nos obradoiros e actividades de lecer municipais.

Axentes implicados:

CIM do Concello de Boqueixon

Concellerías implicadas

Persoal responsable da coordinación, implantación e seguimento:

Persoal técnico do CIM

Indicadores de seguimento:

- Inscricións recibidas e criterios de acceso
- Publicacións realizadas na páxina web para a súa difusión

Destinatarios/as:

Poboación en xeral. Colectivos beneficiarios.

ÁREA 7: Conciliación da vida familiar, persoal, profesional e corresponsabilidade

OBXECTIVO XERAL: Impulsar a integración laboral das mulleres garantindo medidas de conciliación da vida familiar e laboral e fomentando a corresponsabilidade doméstica e social.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS:

- Artellar e informar sobre as distintas medidas de conciliación da vida familiar e laboral
- Fomentar a corresponsabilidade doméstica e social
- Potenciar os servizos municipais de apoio ás familias (atención menores, maiores, etc.)

MEDIDAS DE INTERVENCIÓN:

7.1. Dar continuidade as programas de conciliación familiar.

Axentes implicados:

CIM do Concello de Boqueixon

Concellerías implicadas

Persoal responsable da coordinación, implantación e seguimento:

Persoal Técnico do CIM

Indicadores de seguimento:

- Xustificación documental dos programas desenvolvidos (contido, duración, nº de asistentes desagregado por sexo, etc.)
- Publicacións realizadas na páxina web para a súa difusión

Destinatarios/as:

Poboación en xeral

7.2. Desenvolver campañas e actividades dirixidas ao fomento da corresponsabilidade no ámbito doméstico.

Axentes implicados:

CIM do Concello de Boqueixon

Concellerías implicadas

Persoal responsable da coordinación, implantación e seguimento:

Persoal técnico do CIM

Indicadores de seguimento:

- Xustificación documental dos programas desenvolvidos (contido, duración, nº de asistentes desagregado por sexo, etc.)
- Publicacións realizadas na páxina web para a súa difusión

Destinatarios/as:

Poboación en xeral.

Colectivos beneficiarios (menores, familias, mulleres)

ÁREA 8: Violencia contra as mulleres

OBXECTIVO XERAL: Previr e abordar a violencia de xénero dende as súas diferentes tipoloxías, manifestacións e consecuencias.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS:

- Promover estratexias para a sensibilización e prevención da violencia de xénero entre a poboación.
- Promover entre toda a poboación actitudes de prevención e denuncia dos casos de violencia de xénero.
- Impulsar unha rede municipal de protección e actuación nos casos de denuncia.

MEDIDAS DE INTERVENCIÓN:

8.1. Dar continuidade aos programas de sensibilización e prevención en materia de violencia de xénero.

Axentes implicados:

CIM do Concello de Boqueixon
Concellerías implicadas
Comisión de Igualdade

Persoal responsable da coordinación, implantación e seguimento:

Persoal Técnico do CIM

Indicadores de seguimento:

- Xustificación documental dos programas desenvolvidos (contido, duración, nº de asistentes desagregado por sexo, etc.)
- Publicacións realizadas na páxina web para a súa difusión

Destinatarios/as:

Poboación en xeral. Mulleres Víctimas de violencia de xénero. Familias.

8.2. Establecer un espazo específico de atención e prevención da violencia de xénero a través da páxina Web.

Axentes implicados:

CIM do Concello de Boqueixon

Persoal encargado da páxina Web.

Persoal responsable da coordinación, implantación e seguimento:

Persoal técnico do CIM

Indicadores de seguimento:

- Publicacións realizadas na páxina web.
- Informe anual da atención do CIM difundido a través da páxina Web (Correos e solicitudes recibidas).

Destinatarios/as:

Poboación en xeral.

Colectivos beneficiarios (menores, familias, mulleres)

8.3. Establecer accións formativas/xornadas técnicas en materia de prevención e tratamento dos casos de violencia de xénero.

Axentes implicados:

CIM do Concello de Boqueixon

Persoal responsable da coordinación, implantación e seguimento:

Persoal técnico do CIM

Indicadores de seguimento:

- Publicacións realizadas na páxina web.
- Informe anual da atención do CIM difundido a través da páxina Web (Correos e solicitudes recibidas).

Destinatarios/as:

Persoal técnico e político do Concello

II.SEGUIENTO E AVALIACIÓN.

O persoal responsable da coordinación, implantación e seguimento das medidas dispostas neste PIOM, encargárase da recompilación de datos, e o cumprimento dos indicadores e fichas de seguimento segundo o modelo disposto no anexo I.

III. VIXENCIA

Neste contexto, establécese o **IV PIOM do concello de Boqueixón**, cunha vixencia de **catro anos, comprendidos entre o ano 2018 e 2022**, co fin de desenvolver un novo conxunto de actuacións que permitiran afondar e aproximarse no obxectivo de acadar a igualdade real entre mulleres e homes.

IV. RECURSOS ECONÓMICOS DISPOSTOS

Para o desenvolvemento dos traballos de coordinación, análise, elaboración e difusión deste IV PIOM, así como o resto dos anos de vixencia, está previsto manter unha liña orzamentaria municipal, e de ser o caso, optar ás axudas públicas dispostas polos organismos públicos para a execución das medidas dispostas nos Plans de Igualdade Municipais.

ANEXO I: MODELO DE FICHA DE SEGUIMIENTO DA EXECUCIÓN DE MEDIDAS.

FICHA DE AVALIACIÓN									
ÁREA: OBJETIVO:									
ACCIÓN:									
ACTIVIDADE:									
DESCRIPCIÓN DA ACTIVIDADE:									
PERSOAS DESTINATARIAS:									
PERSOAS PARTICIPANTES:			NÚMERO DE MULLERES			NÚMERO DE HOMES			
PERSONAL RESPONSABLE DA COORDINACIÓN, IMPLANTACIÓN E SEGUIMIENTO:									
AXENTES IMPLICADOS:									
UBICACIÓN:			NÚM. DE HORAS			DIAS DE EXECUCIÓN			
OBSERVACIÓNS/RESULTADOS:									
ORZAMENTO INVERTIDO:									
PERIODO DE EXECUCIÓN									
2018		2019		2020		2021		2022	
1º SEM.	2º SEM.	1º SEM.	2º SEM	1º SEM	2º SEM	1º SEM	2º SEM	1º SEM	2º SEM

FINANCIA:

